



MAPA DOS GRUPOS DE DESENVOLVEMENTO RURAL PARA A APLICACIÓN DO PROGRAMA LEADER DE GALIZA 2007-2013

DELIMITACIÓN TERRITORIAL Á QUE DEBERÁN AXUSTARSE AS CANDIDATURAS NA PRIMEIRA CONVOCATORIA PARA A SELECCIÓN DE GDR

1.- ANTECEDENTES

O elemento definitorio da metodoloxía Leader é a focaxe abaixo-arriba. Isto é, o poder de decisión para a definición e execución do programa reside nos axentes do territorio, organizados en partenariados representativos. Non obstante, ese principio xeral opera sempre dentro dun marco normativo definido ao nivel que corresponda (europeo, estatal, autonómico) polas Administracións competentes.

O anterior é aplicable tamén á delimitación do ámbito territorial dos programas e dos Grupos de Desenvolvemento Rural. Neste sentido, no Programa Leader de Galiza 2007-2013 danse unha serie de circunstancias que aconsellan combinar a focaxe abaixo-arriba cunha coordinación ou racionalización da delimitación territorial dos futuros Grupos de Desenvolvemento Rural, coordinación que só pode realizarse desde Agader. Esas circunstancias son:

- Ámbito territorial cuberto polo Programa Leader 2007-2013. Para estender o máis posible os beneficios da metodoloxía Leader, Agader decidiu incluír como territorio elixible todo o territorio rural galego entendido en sentido amplo: a totalidade de Galiza, excluídas as entidades singulares de poboación de máis de 2.000 habitantes e parques empresariais sitos nos concellos non comprendidos nas Zonas de Reequilibrio do Plan de Reequilibrio Territorial de Galicia 2007-2010 (no **Anexo I** figura a relación dos concellos non comprendidos nas Zonas de Reequilibrio do Plan de Reequilibrio Territorial de Galicia 2007-2010, e a lista das entidades singulares de poboación deses concellos que contan con máis de 2.000 habitantes). Neste escenario, unha delimitación totalmente espontánea do



territorio dos GDR conlevaría o risco de solapamentos ou de zonas sen cubrir.

- Necesidade dun tamaño mínimo de cada GDR, dados os límites legais existentes á porcentaxe dos fondos que pode dedicarse a gastos de funcionamento dos Grupos. Segundo a normativa comunitaria, os gastos de funcionamento dos Grupos de Desenvolvemento Rural e os dedicados a promoción territorial non poden superar en conxunto o 20% dos fondos destinados á estratexia de desenvolvemento. Ademais, no Programa de Desenvolvemento Rural de Galiza 2007-2013 establécese a obriga de dedicar a actividades de promoción territorial polo menos un montante equivalente ao 4% dos fondos asignados á estratexia. Isto implica que os gastos de funcionamento ordinario dos Grupos non poden superar o 16% dos fondos destinados á estratexia. Dado que os fondos públicos asignados no Programa de Desenvolvemento Rural de Galiza ao Eixe Leader ascenden a uns 149 millóns de euros, a libre delimitación de ámbitos territoriais de actuación conlevaría o risco dun excesivo número de grupos, algúns deles moi pequenos, nos que ese 16% de fondos para gastos de funcionamento non permitiría soste unha estrutura adecuada para a xestión do programa. Risco acentuado polo feito de que no período 2000-2006 viñeron funcionando 40 Grupos de Acción Local, varios dos cales teñen un tamaño que os faría inviables no novo período (a menos que no reparto de fondos se primaran os Grupos de menor tamaño xeográfico e demográfico, penalizando por tanto os de dimensión media-alta).
- Homoxeneidade no tamaño dos grupos. Considérase necesario que se constitúan GDR cun tamaño (tanto en termos de superficie como de poboación) máis homoxéneo que no período 2000-2006; asegurando por unha banda que todos os Grupos contan cunha dimensión que garanta a existencia de masa crítica para a aplicación do programa de desenvolvemento, e pola outra que dispoñan dun volume mínimo de fondos (para a aplicación da estratexia e para os gastos de funcionamento). Ao respecto, a normativa comunitaria tan só establece a seguinte restrición (art. 37.3 do Regulamento 1974/2006): *“A poboación das zonas contempladas no artigo 61, letra a), e o artigo 62, apartado 3, do Regulamento (CE) nº 1698/2005 estará comprendida, por regra xeral, entre os 5.000 e os 150.000 habitantes. En casos debidamente xustificadas, sen embargo, os límites de 5.000 e 150.000 habitantes poderán reducirse ou aumentarse, respectivamente”*. Dentro dese marco xeral, no Programa de Desenvolvemento Rural de Galiza 2007-2013 establecéronse as seguintes directrices ou criterios operativos: “A



análise da realidade galega fai pensar nunha dimensión desexable dos grupos situada entre 15.000 e 70.000 habitantes, e entre 500 e 1.500 km² de extensión”.

- Complementariedade cos Grupos de Acción Costeira. No período 2007-2013 os concellos costeiros son territorio de actuación do Fondo Europeo da Pesca a través dos Grupos de Acción Costeira (GAC). Como as actuacións dos GAC van ter en principio un enfoque máis sectorial (en canto ao tipo de proxectos e os beneficiarios), optouse por manter eses concellos dentro do ámbito do Programa Leader. Pero, buscando unha axeitada complementariedade entre fondos, dado que as actuacións elixibles en ambos programas son en parte coincidentes, as dotacións para desenvolvemento rural terán nestas áreas unha menor cuantía unitaria (en relación á poboación e a superficie). Partindo do anterior, resulta necesario que os Grupos de Desenvolvemento Rural que inclúen concellos costeiros teñan, na medida do posible, unha maior dimensión.

2.- PRIMEIRO BORRADOR OU PROPOSTA DE MAPA (XANEIRO DE 2008)

Con base nos condicionantes expostos, Agader considerou que procedía unha delimitación previa dos ámbitos territoriais dos GDR que van funcionar no período 2007-2013. Para iso, tentando compaxinar a focaxe abaixo-arriba, característica da metodoloxía Leader, coa necesaria coordinación que garanta a coherencia do programa no conxunto de Galiza, estableceuse un proceso participativo para a definición de dito mapa:

- No mes de setembro de 2007 o equipo de dirección de Agader reuniuse cos representantes dos Grupos de Acción Local (GAL) dos programas Leader+, Proder II e Agader do período 2000-2006, abordándose a necesidade de definir un mapa para o período 2007-2013 de arredor de 30 Grupos. Solicitouse dos GAL que fixesen achegas ou propostas, pensando non só na súa área de influencia senón esforzándose nun exercicio de planificación máis xeral, de tal modo que as propostas tivesen polo menos ámbito provincial.
- Nos meses seguintes desde Agader e os servizos da Consellaría do Medio Rural contactouse con diversos axentes sociais do territorio, recollendo o seu sentir sobre esta cuestión. Paralelamente Agader analizou varios escenarios posibles, combinando indicadores socioeconómicos diversos.

Considerando toda a información, elaborouse unha primeira proposta de mapa. Nela tomáronse como referencia as comarcas do Mapa Comarcal da Xunta de Galiza, de tal modo que, con algunhas salvidades, o territorio dos GDR coincide



cunha comarca ou a agregación de varias comarcas delimitadas nese Mapa. Chegouse así a unha proposta de 31 GDR, da que cabe salientar os seguintes datos:

- A práctica totalidade dos GDR contan cunha superficie situada entre 500 e 1.500 km².
- En canto á dimensión demográfica, a grande maioría dos GDR teñen unha poboación a efectos do Programa Leader situada entre 15.000 e 70.000 habitantes. Unicamente superan este límite, polas razóns citadas anteriormente, a maioría dos Grupos nos que se integran os concellos costeiros.
- Os GDR presentan claramente un tamaño máis homoxéneo que os Grupos existentes no período 2000-2006. Concretamente, nese período anterior o Grupo máis extenso contaba cunha superficie que multiplicaba por 15 a do máis pequeno; e as cifras de poboación movíanse, entre os dous casos extremos, nunha relación de 21 a 1. Na proposta que se presentou o GDR máis extenso ten unha superficie 6,6 veces maior que o menos extenso, cumpríndose ademais que a práctica totalidade dos Grupos se sitúan entre os 750 e os 1.500 km².

Agader publicou esa proposta de mapa na súa páxina web o 8 de xaneiro de 2008, someténdoa a exposición pública e á consecvente recepción de observacións dos axentes do territorio. As observacións ou propostas de cambio, a remitir até o 8 de febreiro de 2008, debían cumprir dúas condicións:

- a) As propostas non podían ampliar o número de Grupos contemplados nese documento de traballo.
- b) Aquelas propostas que alteraran substancialmente o territorio dun GDR debían contemplar unha alternativa sobre a delimitación dos Grupos limítrofes, respectando os condicionantes e criterios xerais fixados no documento.

3.- OBSERVACIÓNS E ACHEGAS RECIBIDAS

No período establecido recibíronse 18 achegas dos axentes do territorio proponendo modificacións no mapa de GDR. Estas aportacións poden dividirse en dous grupos:

- A)** Seis propoñen o cambio de GDR para un determinado termo municipal. Estes cambios non implican incremento do número de grupos nin afectan significativamente aos GDR de orixe e de destino. Trátase dos seguintes escritos:



- Do concello de Fornelos de Montes, propoñendo que este termo municipal pase do GDR 17 ao GDR 18.
- Da Asociación para o Desenvolvemento Rural da Mancomunidade da Área Intermunicipal de Vigo, apoiando a proposta anterior de que Fornelos de Montes pase do GDR 17 ao GDR 18.
- Do concello de Vilar de Santos, propoñendo que este termo municipal pase do GDR 14 ao GDR 15.
- Do concello de A Bola, propoñendo que este termo municipal pase do GDR 16 ao GDR 15.
- Do concello de Rairiz de Veiga, propoñendo que este termo municipal pase do GDR 14 ao GDR 15.
- Do concello de Portomarín, propoñendo que este termo municipal pase do GDR 4 ao GDR 7.

B) As doce aportacións restantes propoñen esencialmente o mantemento das áreas de actuación de diversos Grupos de Acción Local existentes no período 2000-2006¹. Estas propostas implicarían superar a cifra de 31 GDR establecida na proposta inicial de mapa, ou ben cambios significativos na delimitación territorial doutros GDR limítrofes sen que se achegue a conformidade destes. Trátase dos seguintes doce escritos:

- O enviado polos representantes dos concellos pertencentes á Asociación de Desenvolvemento Rural Río Lor, modificado por outro escrito presentado con posterioridade en nome da Xunta Directiva desta mesma Asociación.
- O remitido pola Xunta Directiva da A.R.D. Ría Muros-Noia, co apoio ou sinatura adicional de máis de 100 entidades da zona.
- O asinado polos alcaldes e outros membros do Padroado da Fundación para o Desenvolvemento da Comarca de Betanzos.
- O remitido polo presidente da A.D.R. País do Bibei-Ribeira Sacra do Sil en nome da Asemblea Xeral deste GAL.
- O enviado polo GAL Deloa.
- O asinado polo presidente e o secretario do Centro de Iniciativas para el Desarrollo de la Comarca Conso-Frieiras, en nome deste GAL.
- O remitido polo presidente do GAL Ribeira Sacra Lucense, en nome da Xunta Directiva deste GAL.

¹ O único escrito que non encaixa nesa pauta xeral é o enviado polo Consello Regulador da Denominación de Orixe Ribeira Sacra, no que se propón “que se faga un único Leader que inclúa o territorio Ribeira Sacra”. Dada a especificidade desta proposta, desde Agader considérase necesario facer dúas aclaracións: a inclusión nun único GDR de todos os concellos (das provincias de Lugo e Ourense) comprendidos no territorio desta D.O. sería mui pouco viable; de feito, no período 2000-2006 este territorio aparecía dividido en catro Grupos de Acción Local distintos (Ribeira Sacra Lucense, Río Lor, País do Bibei-Ribeira do Sil e Valmiño).



- O escrito aprobado polo Consello Regulador da Denominación de Orixe Ribeira Sacra, e enviado polo seu presidente.
- O remitido polo presidente do GAL ADIM (Val do Limia-Terra de Celanova), en representación da súa Xunta Directiva.
- O enviado pola Xunta Directiva da Asociación Grupo Local de Desenvolvemento Rural Portodemouros.
- O remitido por D. Jorge Espinosa Mira, representante da mesa sectorial “Montañismo y Nieve” do GAL Pena Trevinca.
- O asinado polos alcaldes dos concellos de Cariño, Cerdido, Mañón e Ortigueira.

Ademais dos anteriores, recibíronse en Agader outros escritos nos que se apoia a delimitación territorial proposta ou se fan consideracións doutra índole, sen propoñer nengunha modificación no mapa de GDR. Polo seu carácter, non se recolle aquí a súa relación.

Unha vez recibidas, Agader procedeu a analizar as 18 propostas de modificación do mapa de GDR. Ademais, en todos os casos en que isto foi solicitado, o Director Xeral de Agader e o Subdirector de Relacións cos GAL reuníronse cunha representación das entidades asinantes dos escritos. Como resultado deste proceso, adóptanse as seguintes decisións:

1. Acéptanse e incorpóranse á proposta de delimitación territorial dos GDR os cambios suxeridos nas achegas citadas anteriormente no apartado A, posto que, como foi sinalado, estas refírense á reubicación de concellos concretos e non implican incremento do número de grupos nin afectan significativamente aos GDR de orixe e de destino.
2. No que respecta ás propostas de cambio realizadas nos escritos mencionados no apartado B, non resulta posible a súa aceptación xa que estas implicarían incrementar o número de GDR por encima dos 31 previstos na proposta inicial de Agader, ou ben suporían modificacións substanciais na delimitación doutros GDR limítrofes sen que se aporte o apoio ou conformidade dos axentes destes territorios. De todos modos, no caso de que existan propostas que contén cun amplo consenso nos respectivos territorios estas poderán buscar acomodo a través da dobre convocatoria de GDR que se describe no apartado seguinte.

4.- MAPA PARA A PRIMEIRA CONVOCATORIA DE GDR; POSIBILIDADE DUNHA SEGUNDA CONVOCATORIA

Como resultado do proceso descrito nos apartados precedentes, nos **anexos II e III deste documento** figura a **delimitación territorial dos GDR que rexerá para a primeira convocatoria de selección de GDR**. Tal e como se especificará na normativa que se publique no seu momento, as candidaturas que se presenten



nesta primeira convocatoria deberán axustarse a unha das 31 áreas de actuación que se definen neses anexos.

Non obstante, existirá a posibilidade de variar a ubicación de concellos concretos no proceso de elaboración das candidaturas, sempre que se cumpran determinadas condicións ou requisitos:

- a. Que os axentes socioeconómicos dun termo municipal incluído nun determinado GDR acrediten a súa vontade inequívoca e consensuada de integrarse nun GDR diferente.
- b. Que se acredite unha aceptación suficiente desa modificación por parte dos axentes socioeconómicos das áreas ou GDR afectados (tanto o de orixe como o de destino).
- c. As modificacións en ningún caso poderán alterar o número de 31 GDR.

Con eses matices, á primeira convocatoria para a selección dos GDR que van executar o Programa Leader de Galiza 2007-2013 só poderán concorrer candidaturas que se axusten á delimitación territorial que agora se fai pública, que é a que figurará na normativa que se publique no seu momento.

No suposto de que nesa primeira convocatoria queden zonas do territorio rural galego sen cubrir cun GDR, ben porque non se presenta nengunha candidatura axustada á delimitación territorial proposta ou porque a candidatura presentada non cumpre os requisitos da convocatoria ou a súa calidade non lle permita superar a puntuación mínima establecida no baremo, Agader realizaría unha **segunda convocatoria de selección dos programas de desenvolvemento rural e dos GDR responsables da súa execución**, facendo uso da posibilidade contemplada no Programa de Desenvolvemento Rural de Galiza 2007-2013 aprobado pola Comisión Europea.

A esa segunda convocatoria poderían concorrer candidaturas de GDR naqueles territorios que non quedasen cubertos na primeira, asignándose os fondos públicos previstos no Eixe 4 do PDR de Galiza pendentes de distribuír. Dependendo das áreas que quedasen descubertas na primeira convocatoria, Agader estudaría, de cara á segunda, a delimitación territorial que poderían ter as candidaturas de GDR.

Santiago de Compostela, 31 de marzo de 2008



Anexo I

Municipios non incluídos nas zonas de reequilibrio do Plan de Reequilibrio Territorial de Galicia	Entidades singulares de poboación de máis de 2.000 habitantes (excluídos do ámbito de actuación dos GDR)
PROVINCIA A CORUÑA	
Ames	MILLADOIRO (O) BERTAMIRÁNS
Ares	ARES
Arteixo	ARTEIXO
	VILARRODÍS
	OSEIRO
	MEICENDE
PASTORIZA	
Bergondo	
Boiro	BOIRO
Cabanas	
Cambre	CAMBRE
	BARCALA (A)
	GRAXAL (O)
	TEMPLE (O)
Carral	
Coruña (A)	Excluído todo o concello do ámbito de actuación Leader
Culleredo	ACEA DE AMA
	BURGO (O)
	FONTECULLER
	VILABOA
Fene	
Ferrol	FERROL
Miño	MIÑO
Mugardos	MUGARDOS
Narón	SOLAINA (A)
	GÁNDARA DE ARRIBA (A)
Neda	
Oleiros	PORTO DE SANTA CRUZ (O)
	PERILLO
Oroso	SIGÜEIRO
Pobra do Caramiñal (A)	POBRA DO CARAMIÑAL
Pontevedra	PONTEVEDRA
Rianxo	RIANXO
Ribeira	PALMEIRA
	SANTA UXÍA DE RIBEIRA
Sada	SADA
Santiago de Compostela	SANTIAGO DE COMPOSTELA
Teo	TILOS (OS)
	CACHEIRAS
PROVINCIA LUGO	
Lugo	LUGO



PROVINCIA OURENSE	
Barbadás	VALENZÁ (A)
Ourense	OURENSE
San Cibrao das Viñas	
PROVINCIA PONTEVEDRA	
Baiona	BAIONA
Bueu	BUEU
Caldas de Reis	CALDAS DE REIS
Cambados	CAMBADOS
Cangas	CANGAS
Gondomar	
Grove (O)	GROVE (O)
Guarda (A)	GUARDA (A)
Illa de Arousa (A)	AROUSA
Marín	MARÍN
Meaño	
Moaña	
Mondariz-Balneario	
Mos	
Nigrán	
Oia	
Poio	
Ponteareas	PONTEAREAS
Pontevedra	PONTEVEDRA
Porriño (O)	PORRIÑO (O)
Redondela	REDONDELA
	ANGOREN
	LAREDO
Ribadumia	
Rosal (O)	
Salceda de Caselas	ESFARRAPADA (A)
Sanxenxo	PORTONOVO
	SANXENXO
Soutomaior	CALLE (A)
Tomiño	
Tui	TUI
Vigo	PEREIRÓ
	FREIXEIRO
	BAGUNDA (A)
	CEBOLEIRA (A)
	PARDAVILA
Vilaboia	VIGO
Vilagarcía de Arousa	VILAGARCÍA
Vilanova de Arousa	



Anexo III

COD. CONCELLO	CONCELLO	POBOACIÓN DEREITO (2007)	SUPERFICIE (Km ²)	GDR
96	ALFOZ	2.159	77,50	1
314	BURELA	8.873	7,94	1
114	FOZ	9.841	100,29	1
122	LOURENZÁ	2.620	62,64	1
124	MONDOÑEDO	4.701	142,65	1
156	VALADOURO (O)	2.227	110,45	1
108	CERVO	4.776	77,85	1
131	OUROL	1.273	142,07	1
157	VICEDO (O)	2.086	75,97	1
159	VIVEIRO	15.706	109,39	1
120	XOVE	3.602	89,19	1
100	BARREIROS	3.246	72,42	1
144	RIBADEO	9.704	108,94	1
154	TRABADA	1.451	82,71	1
		72.265	1.260,00	GDR-1
95	ABADÍN	3.065	196,03	2
102	BEGONTE	3.550	126,80	2
105	CASTRO DE REI	5.744	176,97	2
110	COSPEITO	5.349	144,79	2
117	GUITIRIZ	5.974	293,74	2
127	MURAS	891	163,82	2
137	PASTORIZA (A)	3.690	175,03	2
158	VILALBA	15.358	379,02	2
116	XERMADE	2.318	166,61	2
		45.939	1.822,80	GDR-2
98	BALEIRA	1.658	168,82	3
113	FONSAGRADA (A)	4.748	438,46	3
129	NEGUEIRA DE MUÑIZ	222	72,26	3
141	PONTENOVA (A)	2.971	135,77	3
123	MEIRA	1.794	46,55	3
139	POL	1.913	125,90	3
146	RIBEIRA DE PIQUÍN	742	72,99	3
147	RIORTORTO	1.583	66,33	3
		15.631	1.127,08	GDR-3
106	CASTROVERDE	3.148	174,15	4
109	CORGO (O)	4.095	157,32	4
115	FRIOL	4.504	292,14	4
118	GUNTÍN	3.213	154,78	4
94	LUGO	8.741	329,78	4
132	OUTEIRO DE REI	4.979	134,20	4
149	RÁBADE	1.699	5,17	4
		30.379	1.247,55	GDR-4



COD. CONCELLO	CONCELLO	POBOACIÓN DEREITO (2007)	SUPERFICIE (Km ²)	GDR
99	BARALLA	3.034	141,16	5
101	BECERREÁ	3.264	172,05	5
107	CERVANTES	1.844	277,63	5
128	NAVIA DE SUARNA	1.552	242,57	5
130	NOGAIS (AS)	1.421	110,34	5
138	PEDRAFITA DO CEBREIRO	1.368	104,91	5
		12.483	1.048,65	GDR-5
119	INCIO (O)	2.185	146,24	6
121	LÁNCARA	3.083	121,67	6
135	PARADELA	2.240	121,11	6
136	PÁRAMO (O)	1.770	74,80	6
148	SAMOS	1.768	136,62	6
150	SARRIA	13.422	184,62	6
155	TRIACASTELA	811	51,18	6
		25.279	836,24	GDR-6
97	ANTAS DE ULLA	2.549	103,60	7
126	MONTERROSO	4.121	114,59	7
133	PALAS DE REI	3.667	199,68	7
104	CARBALLEDO	2.886	138,85	7
111	CHANTADA	9.150	176,73	7
153	TABOADA	3.537	146,67	7
142	PORTOMARÍN	1.898	115,10	7
		27.808	995,21	GDR-7
112	FOLGOSO DO COUREL	1.284	192,81	8
143	QUIROGA	3.939	317,40	8
145	RIBAS DE SIL	1.218	67,78	8
103	BÓVEDA	1.737	91,11	8
125	MONFORTE DE LEMOS	19.311	199,52	8
134	PANTÓN	3.073	143,24	8
140	POBRA DO BROLLÓN (A)	2.201	176,72	8
151	SAVIÑAO (O)	4.681	196,55	8
152	SOBER	2.836	133,34	8
		40.280	1.518,47	GDR-8



COD. CONCELLO	CONCELLO	POBOACIÓN DEREITO (2007)	SUPERFICIE (Km ²)	GDR
171	BEARIZ	1.360	55,97	9
173	BOBORÁS	3.057	87,82	9
179	CARBALLIÑO (O)	13.838	54,38	9
195	IRIXO (O)	1.903	121,05	9
205	MASIDE	3.056	40,04	9
220	PIÑOR	1.444	52,69	9
224	PUNXÍN	907	17,08	9
232	SAN AMARO	1.355	28,95	9
234	SAN CRISTOVO DE CEA	2.839	94,44	9
163	ARNOIA (A)	1.171	20,69	9
164	AVIÓN	2.693	120,52	9
170	BEADE	557	6,40	9
177	CARBALLEDA DE AVIA	1.600	47,01	9
181	CASTRELO DE MIÑO	1.997	39,74	9
185	CENLLE	1.513	29,03	9
187	CORTEGADA	1.328	26,89	9
200	LEIRO	1.860	38,30	9
206	MELÓN	1.546	53,36	9
228	RIBADAVIA	5.390	25,16	9
		49.414	959,52	GDR-9
162	AMOEIRO	2.334	39,68	10
168	BARBADÁS	3.713	30,24	10
186	COLES	3.257	38,11	10
191	ESGOS	1.259	37,79	10
212	NOGUEIRA DE RAMUÍN	2.475	98,33	10
160	OURENSE	7.373	84,55	10
217	PEREIRO DE AGUIAR (O)	5.934	60,89	10
218	PEROXA (A)	2.345	54,52	10
233	SAN CIBRAO DAS VIÑAS	4.151	39,48	10
240	TOÉN	2.649	58,29	10
246	VILAMARÍN	2.281	56,09	10
		37.771	597,96	GDR-10
183	CASTRO CALDELAS	1.687	87,62	11
209	MONTEDERRAMO	1.072	135,56	11
216	PARADA DE SIL	752	62,43	11
239	TEIXEIRA (A)	518	27,64	11
189	CHANDREXA DE QUEIXA	719	171,81	11
204	MANZANEDA	1.069	114,59	11
222	POBRA DE TRIVES (A)	2.619	84,17	11
235	SAN XOÁN DE RÍO	811	61,14	11
245	VIANA DO BOLO	3.442	270,41	11
251	VILARIÑO DE CONSO	727	200,22	11
		13.416	1.215,59	GDR-11



COD. CONCELLO	CONCELLO	POBOACIÓN DEREITO (2007)	SUPERFICIE (Km ²)	GDR
169	BARCO DE VALDEORRAS (O)	13.943	85,69	12
175	BOLO (O)	1.187	91,17	12
178	CARBALLEDA DE VALDEORRAS	1.947	222,68	12
198	LAROUCO	624	23,69	12
219	PETÍN	1.066	30,48	12
230	RÚA (A)	4.905	35,91	12
231	RUBIÁ	1.617	100,67	12
242	VEIGA (A)	1.204	290,49	12
247	VILAMARTÍN DE VALDEORRAS	2.247	88,26	12
		28.740	969,03	GDR-12
182	CASTRELO DO VAL	1.242	122,05	13
188	CUALEDRO	2.148	117,62	13
199	LAZA	1.683	215,92	13
210	MONTERREI	3.094	119,11	13
213	OÍMBRA	1.957	71,86	13
229	RIÓS	2.003	114,44	13
244	VERÍN	13.991	94,07	13
250	VILARDEVÓS	2.430	152,13	13
194	GUDIÑA (A)	1.583	171,42	13
208	MEZQUITA (A)	1.406	104,27	13
		31.537	1.282,87	GDR-13
165	BALTAR	1.126	93,99	14
172	BLANCOS (OS)	1.086	47,56	14
176	CALVOS DE RANDÍN	1.110	97,72	14
221	PORQUEIRA	1.136	43,40	14
236	SANDIÁS	1.525	52,83	14
237	SARREAUS	1.680	77,29	14
241	TRASMIRAS	1.724	56,73	14
248	VILAR DE BARRIO	1.775	106,74	14
192	XINZO DE LIMIA	10.022	132,68	14
		21.184	708,95	GDR-14
161	ALLARIZ	5.506	85,96	15
167	BAÑOS DE MOLGÁS	1.922	67,64	15
203	MACEDA	3.146	101,93	15
214	PADERNE DE ALLARIZ	1.605	38,76	15
238	TABOADELA	1.680	25,19	15
196	XUNQUEIRA DE AMBÍA	1.834	60,21	15
197	XUNQUEIRA DE ESPADANEDO	1.002	27,65	15
174	BOLA (A)	1.497	34,90	15
226	RAIRIZ DE VEIGA	1.732	72,11	15
249	VILAR DE SANTOS	1.002	20,70	15
		20.926	535,05	GDR-15



COD. CONCELLO	CONCELLO	POBOACIÓN DEREITO (2007)	SUPERFICIE (Km ²)	GDR
166	BANDE	2.292	98,96	16
190	ENTRIMO	1.390	84,52	16
201	LOBEIRA	1.089	68,88	16
202	LOBIOS	2.321	168,38	16
211	MUIÑOS	1.922	109,72	16
180	CARTELLE	3.487	94,29	16
184	CELANOVA	6.104	67,31	16
193	GOMESENDE	1.060	28,32	16
207	MERCA (A)	2.269	50,99	16
215	PADRENDA	2.405	57,03	16
223	PONTEDEVA	723	9,86	16
225	QUINTELA DE LEIRADO	801	31,26	16
227	RAMIRÁS	2.018	40,67	16
243	VEREA	1.272	94,23	16
		29.153	1.004,42	GDR-16
253	ARBO	3.887	42,93	17
261	CAÑIZA (A)	6.696	107,46	17
265	COVELO	3.515	125,31	17
266	CRECENTE	2.698	57,46	17
282	MONDARIZ	5.320	85,13	17
283	MONDARIZ-BALNEARIO	755	2,31	17
286	NEVES (AS)	4.467	65,49	17
294	PONTEAREAS	11.686	125,56	17
301	SALVATERRA DE MIÑO	8.761	62,55	17
300	SALCEDA DE CASELAS	4.979	35,92	17
		52.764	710,10	GDR-17
275	GUARDA (A)	4.172	20,52	18
288	OIA	3.159	83,30	18
299	ROSAL (O)	6.402	44,13	18
305	TOMIÑO	12.651	106,60	18
306	TUI	11.018	68,31	18
255	BAIONA	8.909	34,48	18
273	GONDOMAR	13.371	74,51	18
285	MOS	14.471	53,21	18
287	NIGRÁN	17.668	34,77	18
289	PAZOS DE BORBÉN	3.145	49,99	18
290	PORRIÑO (O)	12.146	61,22	18
296	REDONDELA	18.028	52,08	18
304	SOUTOMAIOR	3.867	24,99	18
308	VIGO	70.672	109,90	18
271	FORNELOS DE MONTES	2.036	83,10	18
		201.715	901,11	GDR-18



COD. CONCELLO	CONCELLO	POBOACIÓN DEREITO (2007)	SUPERFICIE (Km ²)	GDR
256	BUEU	8.691	30,84	19
260	CANGAS	18.662	38,09	19
278	MARÍN	9.093	36,48	19
281	MOAÑA	18.587	35,08	19
254	BARRO	3.426	37,64	19
259	CAMPO LAMEIRO	2.119	63,79	19
264	COTOBADÉ	4.575	134,68	19
277	LAMA (A)	2.995	111,76	19
292	POIO	15.456	34,22	19
293	PONTE CALDELAS	6.487	86,99	19
252	PONTEVEDRA	21.670	118,36	19
309	VILABOIA	6.015	36,88	19
		117.776	764,82	GDR-19
257	CALDAS DE REIS	5.828	68,16	20
262	CATOIRA	3.480	29,44	20
267	CUNTIS	5.184	79,85	20
284	MORAÑA	4.309	41,34	20
295	PONTECESURES	3.139	6,69	20
291	PORTAS	3.129	22,62	20
307	VALGA	6.071	40,64	20
263	CERDEDO	2.402	79,82	20
269	ESTRADA (A)	21.908	280,76	20
270	FORCAREI	4.428	168,39	20
		59.878	817,70	GDR-20
258	CAMBADOS	7.086	23,39	21
274	GROVE (O)	3.813	22,08	21
315	ILLA DE AROUSA (A)	2.758	6,92	21
279	MEAÑO	5.479	27,80	21
280	MEIS	4.982	52,39	21
297	RIBADUMIA	4.658	19,68	21
302	SANXENXO	12.556	45,02	21
311	VILAGARCÍA DE AROUSA	18.427	44,15	21
312	VILANOVA DE AROUSA	10.638	33,78	21
		70.397	275,21	GDR-21
272	AGOLADA	3.216	147,86	22
268	DOZÓN	1.923	74,23	22
276	LALÍN	20.867	326,83	22
298	RODEIRO	3.261	154,90	22
303	SILLEDA	9.053	167,96	22
310	VILA DE CRUCES	6.550	154,96	22
		44.870	1.026,74	GDR-22



COD. CONCELLO	CONCELLO	POBOACIÓN DEREITO (2007)	SUPERFICIE (Km ²)	GDR
7	ARZÚA	6.529	155,43	23
11	BOIMORTO	2.370	82,37	23
66	PINO (O)	4.832	131,86	23
85	TOURO	4.353	115,34	23
32	CURTIS	4.244	116,60	23
90	VILASANTAR	1.469	59,25	23
46	MELIDE	7.916	101,30	23
79	SANTISO	2.102	67,39	23
80	SOBRADO	2.244	120,64	23
83	TOQUES	1.447	77,92	23
		37.506	1.028,08	GDR-23
8	BAÑA (A)	4.673	98,00	24
56	NEGREIRA	6.453	115,11	24
3	AMES	9.027	80,04	24
13	BOQUEIXÓN	4.437	73,18	24
14	BRIÓN	7.087	74,90	24
78	SANTIAGO DE COMPOSTELA	16.273	220,55	24
82	TEO	13.222	79,30	24
88	VAL DO DUBRA	4.515	108,67	24
89	VEDRA	5.088	52,79	24
77	SANTA COMBA	10.588	203,68	24
		81.363	1.106,21	GDR-24
12	BOIRO	10.914	86,59	25
67	POBRA DO CARAMIÑAL (A)	5.405	32,40	25
72	RIANXO	8.288	58,86	25
73	RIBEIRA	13.247	69,03	25
53	MUROS	9.931	72,92	25
42	LOUSAME	3.756	93,65	25
57	NOIA	14.808	37,21	25
62	OUTES	7.681	99,73	25
71	PORTO DO SON	9.899	94,66	25
33	DODRO	3.053	36,12	25
65	PADRÓN	9.030	48,37	25
74	ROIS	5.034	92,76	25
		101.046	822,30	GDR-25
24	CEE	7.555	57,51	26
29	CORCUBIÓN	1.887	6,60	26
34	DUMBRÍA	3.890	124,75	26
37	FISTERRA	4.971	29,44	26
52	MUXÍA	5.663	121,33	26
21	CARNOTA	5.017	70,81	26
17	CAMARIÑAS	6.275	51,91	26
92	VIMIANZO	8.364	187,54	26
93	ZAS	5.549	133,06	26
45	MAZARICOS	5.179	187,27	26
		54.350	970,22	GDR-26



COD. CONCELLO	CONCELLO	POBOACIÓN DEREITO (2007)	SUPERFICIE (Km ²)	GDR
15	CABANA DE BERGANTIÑOS	5.091	100,09	27
20	CARBALLO	30.091	186,84	27
30	CORISTANCO	7.528	141,14	27
41	LARACHA (A)	10.871	125,76	27
40	LAXE	3.453	36,38	27
43	MALPICA DE BERGANTIÑOS	6.432	61,42	27
68	PONTECESO	6.494	92,06	27
		69.960	743,69	GDR-27
25	CERCEDA	5.587	110,92	28
38	FRADES	2.817	81,74	28
47	MESÍA	3.080	106,70	28
59	ORDES	12.359	157,31	28
60	OROSO	3.555	72,09	28
84	TORDOIA	4.467	124,53	28
86	TRAZO	3.548	101,42	28
		35.413	754,70	GDR-28
2	ABEGONDO	5.808	83,91	29
6	ARTEIXO	8.950	93,38	29
9	BERGONDO	6.540	32,72	29
18	CAMBRE	8.323	40,70	29
22	CARRAL	5.647	48,02	29
31	CULLEREDO	13.741	62,34	29
58	OLEIROS	21.762	43,79	29
75	SADA	7.236	27,51	29
4	ARANGA	2.219	120,18	29
10	BETANZOS	13.328	24,25	29
27	CESURAS	2.323	79,61	29
28	COIRÓS	1.660	33,63	29
39	IRIXOA	1.562	68,23	29
48	MIÑO	3.233	32,53	29
63	OZA DOS RÍOS	3.203	71,92	29
64	PADERNE	2.710	39,93	29
		108.245	902,66	GDR-29
91	VILARMAIOR	1.287	30,36	30
16	CABANAS	3.272	29,75	30
19	CAPELA (A)	1.471	57,00	30
50	MONFERO	2.400	172,59	30
69	PONTEDEUME	3.900	29,45	30
70	PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ (AS)	11.531	250,55	30
49	MOECHE	1.441	48,50	30
76	SAN SADURNIÑO	3.123	99,92	30
81	SOMOZAS (AS)	1.374	70,97	30
		29.799	789,09	GDR-30



COD. CONCELLO	CONCELLO	POBOACIÓN DEREITO (2007)	SUPERFICIE (Km²)	GDR
5	ARES	1.891	18,31	31
23	CEDEIRA	7.482	85,42	31
35	FENE	14.222	27,40	31
36	FERROL	7.968	83,18	31
51	MUGARDOS	3.013	12,77	31
54	NARÓN	27.834	67,01	31
55	NEDA	5.649	24,00	31
87	VALDOVIÑO	6.978	88,22	31
313	CARIÑO	4.680	47,96	31
26	CERDIDO	1.439	52,72	31
44	MAÑÓN	1.693	82,21	31
61	ORTIGUEIRA	7.406	208,84	31
		90.255	798,03	GDR-31
DATOS TOTAIS		1.636.358	29.540,07	